

**XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 13
VIGO**

SENTENCIA: 00077/2023

ORD PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000561 /2022

Procedimiento origen: /

Sobre OTRAS MATERIAS

DEMANDANTE D/ña.

Procurador/a Sr/a.

Abogado/a Sr/a. AZUCENA NATALIA RODRIGUEZ PICALLO

DEMANDADO D/ña. DINEO CREDITO SL

Procurador/a Sr/a.

Abogado/a Sr/a.

SENTENZA NÚM. 77/23

Vigo, 27 de marzo de 2.023.

Vistos por D^a. [REDACTED], Maxistrada Titular do Xulgado de 1^a Instancia n^o13 de Vigo e o seu Partido, os autos de Xuízo Ordinario rexistrados co n^o561/22, a instancia do procurador dos tribunais D. [REDACTED], en nome e representación de D. [REDACTED], contra a entidade "DINEO CRÉDITO, S.L.", ditouse a presente sentenza con base nos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

ÚNICO.- O procurador dos tribunais D. [REDACTED], Outeiral, en nome e representación de D. [REDACTED], presentou demanda de xuízo ordinario o día 18 de maio de 2.022 contra a entidade "DINEO CREDITO, S.L.". Da mesma déuselle traslado á parte demandada que presentou escrito de contestación á demanda en tempo e forma polo que convocouse ás partes acudidas ó acto da audiencia anterior ó xuízo que tivo lugar o día 02 de febreiro de 2.023. No referido acto as partes propuxeron a proba que consideraron oportuna e, admitida a declarada pertinente, sendo toda ela de carácter documento, quedaron as actuacións vistas para ditar sentenza.

Durante a tramitación do presente procedemento seguíronse tódolos trámites e requisitos previstos nos **artigos 399 e seguintes da Lei de Axuizamento Civil.**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Pedimentos das partes.

Neste procedemento a parte demandante solicitou que se dite sentenza na que se:

"1.- *Con carácter principal*, se declare la nulidad por usura de los contratos siguientes contratos suscritos entre Don _____ y la entidad DINEO CRÉDITO, S.L.:

- Contrato de Préstamo n° _____ , celebrado el 31 de enero de 2020.
- Contrato de Préstamo n° _____ , celebrado el 3 de agosto de 2021.
- Contrato de Préstamo n° _____ , celebrado el 26 de septiembre de 2021.
- Contrato de préstamo n° _____ , celebrado el 1 de noviembre de 2021.
- Contrato de préstamo n° _____ , celebrado el 29 de noviembre de 2021.
- Contrato de préstamo n° _____ celebrado el 18 de agosto de 2021.
- Contrato de préstamo n° _____ , celebrado el 29 de noviembre de 2021.

Condenando a la entidad demandada a restituir a mi representado la suma de las cantidades percibidas en la vida de los préstamos que excedan del capital prestado, más los intereses legales devengados de dichas cantidades.

2.- *Con carácter subsidiario al punto anterior*, se declare:

- La nulidad por abusivas -por no superar ni el control de inclusión ni el de transparencia- de las cláusulas de intereses remuneratorios de los contratos suscritos entre las partes los días los días 31 de enero de 2020, de 3 de agosto de 2021, 26 de septiembre de 2021, 1 de noviembre de 2021, 29 de noviembre de 2021 y 29 de noviembre de 2021, condenando a la demandada a restituir a Don _____ la totalidad de los intereses remuneratorios abonados, más los intereses legales devengados de dichas cantidades.

- La nulidad de la cláusula de penalizaciones por impago del contrato n° _____ , suscrito entre las partes el 29 de noviembre de 2021, condenando a la demandada a la devolución de las cantidades abonadas por ese concepto, más lo intereses legales devengados de dichas cantidades.

3.- Se condene, en todo caso, a la demandada al pago de las costas procesales."

A parte actora basea as súas reclamación en varios contratos de préstamo ó consumo subscrito entre as partes nos que se pactaron xuros remuneratorios que a parte demandante considera usurarios segundo a normativa contida na **Lei de Represión da Usura de 1.908**. Esta parte tamén alegou o carácter nulo, por abusivas e por non supera-los controis de transparencia, das cláusulas contidas nos referidos contratos referidas ós xuros remuneratorios e comisións por aplicación neste caso da normativa e xurisprudencia relativa á protección de consumidores e usuarios. Polo exposto, como xa se dixo, esta parte exercitou as pretensións antes referidas e solicitou que sexan acollidas con condena en custas da demandada.

A demandada contestou á demanda e, sen nega-la existencia das contratacións aducidas no escrito de demanda, en primeiro lugar, impugnou a contía do procedemento sinalada pola parte actora e alegou inadecuación de procedemento e indebida acumulación de accións. Finalmente, en relación ó fondo da cuestión controvertida, esta parte manifestou que os xuros pactados nos contratos controvertidos non teñen carácter de usurarios e que as cláusulas relativas ós xuros remuneratorios e comisións non resultan abusivas e superan tódolos controis de transparencia. Polo exposto, esta parte solicitou que non se acollan as pretensións deducidas pola parte demandante con condena en custas da mesma.

Asemade, a parte demandada presentou demanda reconvenicional fronte ó demandante sobre a base dun dos contratos de préstamo suscrito entre as partes a través da cal solicitou que se dite sentenza na que se proceda a:

"1. Estimar íntegramente la presente demanda reconvenicional.

2. Condenar al demandado reconvenicional a abonar a DINEO CRÉDITO, S.L. el importe total de 1.031,09 €, en concepto de principal e intereses pendientes de pago, que refleja el Certificado de Liquidación de Deuda y fijación de saldo del Micro Préstamo n° , aportado como DOCUMENTO NÚMERO TRES, incrementado en los intereses legalmente correspondientes.

3. Y todo ello, con el resto de los pronunciamientos legales inherentes.

4. En todo caso, con expresa imposición de las costas de esta reconvenición a la parte reconvenida, para el caso de formular oposición a la misma."

A parte demandante contestou á demanda reconvenicional opoñéndose ás pretensións deducidas de contrario invocando o carácter usurario do préstamo cuxo cumprimento reclama a demandada.

SEGUNDO.- Cuestión controvetida. Excepcións de inadecuación de procedemento e indebida acumulación de accións.

Como xa se dixo máis atrás, a demandada plantexou no seu escrito de contestación á demanda as excepcións inadecuación de procedemento e indebida acumulación de accións, excepcións que foron resoltas a través de auto de 27 de marzo de 2.023 ditado no eido das presentes actuacións, auto no que se resolve non acolle-las referidas excepcións.

TERCEIRO.- Cuestión controvertida. Contía do procedemento.

A parte demandada tamén impugnou a contía do procedemento que a parte actora sinalou como indeterminada.

Pois ben, debemos ter en conta, en primeiro lugar, que neste caso atopamos que a determinación da contía non afecta nin á natureza do procedemento a tramitar nin tampouco á posibilidade de presentar posteriormente un recurso de casación, sendo que o xuízo ordinario que aquí se tramita non é outro que un xuízo ordinario por razón da materia segundo o **artigo 249.1.5° da Lei de Axuizamento Civil**.

Así se desprende do **artigo 422.1° da Lei de Axuizamento Civil**, que parece restrinxi-los supostos de impugnación da contía unicamente a aqueles casos nos que tal impugnación, se resulta acollida, afectara á clase de procedemento, e así se desprende tamén do contido da sentenza ditada pola Ilma. Audiencia Provincial de Lugo, Sección 1ª, de 25 de febreiro de 2.019, segundo a cal:

"La demandante indica que la sentencia de instancia no se pronunció sobre la cuantía del procedimiento y apela la omisión de dicha pretensión. Sin embargo, de considerar que era recurrible en apelación, debió solicitar previamente el complemento de la sentencia que consideraba incongruente de conformidad con el artículo 215 LEC. En cualquier caso, sin perjuicio de lo que se resuelva en el incidente de tasación de costas, debe tenerse en cuenta que el demandado únicamente podría recurrir respecto de la cuantía de la demanda cuando entienda que, de haberse determinado de forma correcta, el procedimiento a seguir sería otro, o resultaría procedente el recurso de casación. Por el contrario, en el presente caso no se dan ninguna de estas circunstancias porque el procedimiento procedente es el ordinario por razón de la materia de la pretensión, conforme al art. 249.1.5 de la LEC, y, del mismo modo, si se quisiera interponer recurso de casación contra la sentencia que en él recaiga, su admisión no vendría determinada por la cuantía del procedimiento sino por el interés casacional, por lo que tampoco dicho motivo puede ser acogido".

Compre, polo tanto, non acolle-la impugnación da contía do procedemento plantexada pola parte demandada.

CUARTO.- Cuestión controvertida. Carácter usurario dos xuros pactados no contrato.

Pois ben, a cuestión controvertida principal no presente procedemento non é outra que determinar se efectivamente a cláusula relativa ós xuros remuneratorios contida no contrato achegado a autos resulta ou non usuraria e en relación ó fondo desta cuestión resulta de aplicación a regulación contida na **Lei de Represión da Usura ou Lei Azcárate de 23 de xullo de 1.908**, disposición legal en cuxo **artigo 1** sinala cales son os requisitos que deben concorrer para que un préstamo deba ser considerado usurario, sendo esta disposición legal aplicable a este caso concreto segundo se dispón no **artigo 9 da propia Lei**.

O **artigo 1.1° da citada Lei** efectivamente sinala:

"Será nulo todo contrato de préstamo no que se estipule un xuro notablemente superior ó normal dos cartos e manifestamente desproporcionado cas circunstancias do caso ou en condicións tales que resulte leonino, habendo motivos para considerar que foi aceptado polo prestatario a causa da súa situación angustiosa, da súa inexperiencia ou do limitado das súas facultades mentais."

Pola súa parte o **artigo 9, do citado texto legal** establece que:

"O disposto por esta Lei aplicarase a toda operación sustancialmente equivalente a un préstamo de diñeiro, cualquera que sexan a forma que revista o contrato e la garantía que para o seu cumprimento se ofrecera".

Sentada a normativa de aplicación, o carácter usurario do préstamo radicaría no feito de que no contrato préstamo obxecto de exame pactáronse xuros remuneratorios notablemente superiores ós normais do diñeiro e desproporcionados atendendo as circunstancias do caso, resultando tamén fundamental para resolve-la cuestión plantexada, facer referencia a **dúas sentenzas esenciais ditadas en relación a estas cuestións polo Tribunal Supremo, a primeira do Preno de 25 de novembro de 2.015, e a segunda do Preno de 04 de marzo de 2.020** cuxa doutrina aparece reiterada na **sentenza do Tribunal Supremo de 04 de maio de 2.022**.

En ámbalas dúas séntase como doutrina xurisprudencial, que, para que a operación crediticia poida ser considerada usuraria, basta con que se dean os requisitos previstos no primeiro inciso do **artigo 1 da Lei Azcárate** citada, isto é, que se estipule un xuro notablemente superior ó normal dos cartos e manifestamente desproporcionado cas circunstancias do caso, sen que sexa exixible que acumuladamente, concorra o subxectivo referido a que o préstamo en cuestión fose aceptado polo prestatario a causa da súa situación angustiosa, da súa inexperiencia ou do limitado das súas facultades mentais.

Por outra banda, polo que aquí nos interesa, en relación ós criterios obxectivos que deben ser tidos en conta para determinar se efectivamente os xuros pactados no contrato son ou non usurarios, esta cuestión foi resolta na última das sentenzas citadas que ven a completar a anterior do ano 2.015 considerando o Tribunal Supremo que, como índice de comparanza que debe empregarse para valora-la natureza ou non usuraria dos xuros remuneratorios non é outro que o tipo medio aplicable a modalidades de contratación de idéntica natureza que o contrato examinado en cada caso. Así, a expresión xuros normais dos cartos debe interpretarse como o tipo medio do xuro no momento da formalización do contrato e correspondente a unha categoría contractual semellante á operación de crédito cuestionada.

Por outra banda, citamos tamén a sentenza ditada pola Ilma. Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 1ª de 16 de xaneiro de 2.023, a cal sinala, despois de analiza-la doutrina sentada polo Tribunal Supremo nas sentenzas antes citadas:

"Trasladando dicha doctrina a este supuesto, debemos convenir con la juzgadora de instancia en su apreciación del carácter usurario del interés pactado (27,24%), máxime cuando la propia demandada destaca que el interés normal del dinero de la financiación equivalente en el año de la contratación ascendía al 21,07%. El aplicado en este caso supone más de cinco puntos porcentuales, lo que sugiere, sin duda, un interés abusivo en el sentido anteriormente expuesto, sin que, además, dicha parte haya articulado prueba alguna a fin de acreditar las eventuales circunstancias que pudieron justificar tal imposición."

No caso concreto que nos atinxe compre examina-lo contido dos contratos achegados autos pola parte demandada, contratos de préstamo ó consumo asinados nos anos 2.020 e 2.021 nos que se pactaron xuros remuneratorios dun 3.567,42% TAE. Así as cousas, considera acreditado esta Xulgadora que o xuro superaba amplamente o xuro normal do diñeiro que debe utilizarse como referencia dado que o tipo de xuro medio nas operacións de crédito ó consumo aplicado polas entidades de crédito nos anos 2.020 e 2.021, segundo as tablas oficiais do Banco de España, non superou o 7%. Así, efectivamente os xuros pactados nos contratos en cuestión resultan notoriamente superiores ó normal do mercado e ademais desproporcionados sendo que a entidade demandada non acreditou que neste caso concorresen circunstancias excepcionais que xustificuen o establecemento de xuros ordinarios tan elevados.

Polo exposto, compre, consonte ó disposto no **artigo 1 da Lei Azcárate antes citada**, declarar nulas as operacións crediticias examinadas de xeito que o demandante, consonte ó disposto no **artigo 3 da mesma Lei**, só terá a obriga de restituí-la contía correspondente ó capital efectivamente prestado con exclusión de calquera tipo de xuro, comisión, gasto ou partida allea ó referido capital debendo a parte demandada devolver ó demandante calquera contía cobrada que exceda do capital disposto e non devolto, cos xuros legais consonte ó disposto nos **artigos 1.101, 1.108 e concordantes do Código Civil**.

Sendo que se acollen as pretensións principais deducidas pola actora non procede realizar pronunciamento ningún en relación ás exercitadas con carácter subsidiario.

QUINTO.- Cuestión controvertida. Demanda reconvencional.

Como xa se dixo máis atrás, a parte demandada presentou demanda reconvenicional contra a parte actora sobre a base do contrato de préstamo nº _____ achegado a autos co escrito de contestación á demanda.

Pois ben, tendo en conta que devandito contrato de préstamo foi declarado nulo por usurario consonte ó disposto no fundamento xurídico anterior, compre, tendo en conta que a parte demandante non achegou a autos proba de ter aboado o capital do referido préstamo, condenar ó actor ó pagamento da referida cantidade, cantidade á que haberá que desconta-la contía de 35 euros correspondente a unha comisión de extensión aboada polo demandante no eido do referido contrato, segundo os certificados de pagamento achegados a autos co escrito de contestación á demanda, (documento nº4). Á cantidade obxecto de condena haberá que incrementarlle os xuros legais consonte ó disposto nos **artigos 1.101, 1.108 e concordantes do Código Civil**

SEXTO.- Custas.

En canto ás custas, tendo en conta o disposto no **artigo 394 da Lei de Axuizamento Civil:**

Respecto da demanda principal, dado que se acollen as pretensións deducidas pola parte actora, as custas serán aboadas pola parte demandada.

En canto á demanda reconvenicional, sendo que se acolle parcialmente á pretensión deducida pola parte demandada-reconvinte, cada parte aboará as súas propias custas e as comúns por metade.

DECISIÓN

ACORDO ACOLLE-LA demanda presentada polo procurador dos tribunais D. _____, en nome e representación de D. _____, contra a entidade "DINEO CRÉDITO, S.L." e, polo tanto:

DECLARO a nulidade dos contratos de préstamo ó consumo n _____, de 31 de xaneiro de 2.020, nº _____, de 03 de agosto de 2.021, n _____, de 26 de setembro de 2.021, nº3412965, de 01 de novembro de 2.021, nº _____, de 29 de novembro de 2021, nº _____ de 18 de agosto de 2.021 e nº _____, de 29 de novembro de 2021, subscritos entre "DINEO CRÉDITO, S.L." e D.

_____, de xeito que o demandante só terá a obriga de restituí-la contía correspondente ó capital efectivamente prestado e non devolto.

CONDENO á entidade demandada a devolver á parte actora tódalas cantidades aboadas polo demandante no eido dos referidos contratos que excedan do capital disposto cos xuros legais correspondentes.

Con condena en custas da parte demandada.

ACORDO ACOLLER PARCIALMENTE a demanda presentada polo procurador dos tribunais D. , en nome e representación da entidade "DINEO CRÉDITO, S.L.", contra D. e, polo tanto, condeno a este último a aboar á parte demandada-reconvinte a cantidade de 485 euros cos xuros legais correspondentes.

Cada parte aboará as súas propias custas e as comúns por metade.

Así o pronuncia, manda e asina D^a.
Xuíza Titular deste Xulgado de Primeira Instancia nº13 de Vigo e o seu Partido.

PUBLICACIÓN.- Dada, lida e publicada foi a anterior sentenza pola Sra. Maxistrada que a suscribe, en audiencia pública. **DOU FE.**

A MAXISTRADA

A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA